

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE AGOSTO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:00 horas do día 9 de agosto de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Dolores Hernández Vidal
D. Francisco Gutiérrez Orúe

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo total	Incremento de horas semanais (por enriba do mínimo de 296)
CONTACTNOVA, S.L.	960.995,61 €	10
CLECE, S.A.	965.322,27 €	12
GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	934.313,60 €	10
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	969.642,45 €	10

Todos os licitadores achegan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas agás OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. A Mesa decide non requirirlle a súa presentación á vista do resultado da apertura económica, tendo en conta



que non é obxecto de valoración nin causa de exclusión, a oferta formulada pola empresa non ofrece dúbida ningunha, e neste procedemento non se considera que ningunha oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Asiste á apertura D^a. Esther González Carquijero, con DNI 32.679.286-N, en representación de CLECE, S.A.

A continuación os membros da Mesa proceden a valorar as proposicións presentadas, mediante a aplicación das fórmulas previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, obtendo o seguinte resultado:

Licitador	Puntuación a través de fórmula
GRUPO NORTE AGRUPACION EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	80,00
CLECE, S.A.	72,99
CONTACTNOVA, S.L.	69,67
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	42,15

Achéganse a esta acta os cálculos realizados polos membros da Mesa.

10.- Proposta de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321)

Á vista do informe de valoración do sobre B das proposicións presentadas, así como da valoración do sobre C pola Mesa de Contratación e demais actuacións desta, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2^a TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
GRUPO NORTE AGRUPACION EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	93,70
CLECE, S.A.	84,34
CONTACTNOVA, S.L.	83,77
OSVENTOS I NNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	51,75

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP).

4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.981,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 17:20	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A443-5CEF89-BFDBDF-TZMW61-8L56L2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

